

COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE CULTURA

PLENO 6 XUÑO 2013. ACTA 1/2013

Vista a solicitude do grupo municipal AER que se transcribe a continuación: “Dende hai xa algo máis dun ano, o Concello de Redondela ven de reunirse mensualmente cunha serie de eruditos locais relacionados coa cultura de Redondela.

Ditas reunións culturais cremos que son para unir esforzos entre este “comité de sabios” e deste xeito dotar a Redondela de eventos culturais á altura que se merece. Ben é certo actividades culturais de renome na vila, de aí que “non están todos los que son pero si son todos os que están”. O Concello de Redondela gozou sempre de boas actividades culturais dende os tempos do concelleiro Javier Nuñez ata o momento actual, deixando a Redondela na primeira división a canto actividades culturais en Galiza.

Coa chegada do ex edil de cultura Alberto Pazos créase por primeira vez na vila a chamada Plataforma en Defensa da Cultura de Redondela, que ao señor Pazos, a pesares de que esta plataforma está formada pola gran maioría de organizadores culturais, sóáballe a chiste. É de salientar que o macrofestival Lolapop foi todo un éxito cultural e económico para a vila de Redondela.

Se todo ten un pasado (chamémoslle Lola Pop ou plataforma pola cultura de Redondela) todo ten un presente (Chamémoslle BigLag). A mediados do mes de febreiro do Julio Alonso Monteagudo xuraba cargo e prometía polo Rei lealdade ao seu posto de traballo e á Constitución Española. Falaba aló polo mes de febreiro que un dos seus puntos fortes sería a creación dunhas bases culturais para poder optar as distintas subvencións do concello de Redondela, xa que deste xeito todas as asociacións, dependendo dos requisitos das axudas, poderían acadar o necesario para a organización do evento cultural. Tres meses máis tarde as bases aínda están no forno (esperemos que non se queimen).

No mes en que andamos, maio, o edil de Cultura e o Concello de Redondela contratan pola calada ou pola retagarda á empresa arquicoñecida culturalmente BigLab (Gran Laboratorio para os que non sabemos inglés). Esta empresa foi contratada para que xestione, coordine e produza diversos actos culturais como: Festival de Títeres de Redondela, Festas da Coca , programación de verán e de Nadal e calquera outro evento cultural que o Concello de Redondela estime necesario.

Salientar a gran profesionalidade de BigLab ou Gran Laboratorio que di así :

“Biglab nace coma empresa de contratación de grupos nacionais e internacionais, como axencia de djs locais, rexionais, nacionais e internacionais, coma unha axencia de animación nocturna y diúrna, como una axencia de azafatas, como promotora de concertos, coma unha axencia de publicidade para o público obxectivo da noite, é un canal que vincula as marcas, os locais nocturnos e público final. É un laboratorio de ideas”

Na Agrupación de Electores de Redondela non comprendemos como Don Julio Alonso Montegudo, Docente de profesión, doutor en Antropoloxía e Máster en Xestión Cultural, permite que unha empresa que se cita como de animación nocturna e contratación de Djs e azafatas xestione a cultura que tanto nos contou acadar.

Gustaríanos saber cales foron os motivos que lle levaron a contratar á empresa BigLab. Unha das cousas que nos chamou á atención no expediente desta contratación foi que ningún dos presupostos das tres empresas se corresponde co período contratado: de maio do 2013 a xaneiro do 2014. Ademais, non hai homoxeneidade entre os prazos presupostados polas tres empresas: unha fala de maio a agosto do 2013, outra fala de programación trimestral e outra fala de presuposto por mes pero non recolle cantos meses.

Outro tema importante que se está tratando con despreocupación por parte do goberno local é o Convenio Interparroquial. Convenio este que leva realizándose nas parroquias durante máis de vinte anos, sen atrasos nin problemas salientables, organizándose conxuntamente entre centros culturais e entidades de toda Redondela, xunto co Concello, e poñéndose en marcha habitualmente no mes de marzo. A día de hoxe apenas se realizou unha xuntanza organizativa e o atraso na súa posta en marcha está causando cancelacións e problemas nas programacións culturais habituais de moitas parroquias.

A Agrupación de Electores de Redondela, ao abeiro do artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, solicita a comparecencia do concelleiro de Cultura, Julio Alonso Monteagudo, para que dea conta sobre a súa xestión nesta concellería, informe sobre as bases de Cultura, explique o proceso de contratación da empresa BigLab e para que informe sobre a situación do Convenio Interparroquial.”

O concelleiro di que o grupo do que fala non se reúne para realizar eventos culturais en Redondela senón que están vinculados ao asociacionismo ou a cultura de Redondela e expoñen ideas e se debate libremente. Di que as bases están feitas porque se lles entregaron na comisión de Cultura e foi o primeiro que fixo ao chegar ao Concello pero non poden ir adiante ata a aprobación dos orzamentos e non tiña sentido debatir sobre algo que agora mesmo non se pode facer nada. Sinala que no convenio interparroquial houbo algunha xuntanza e o que falta é que os centros culturais lles dean as datas.

Retrasouse porque el quería facer cambios pero os centros culturais eran reticentes a eses cambios e por eso seguen igual aínda que pensa que hai cousas que habería que cambiar. A empresa Biglab ven a cubrir un servizo que xa estaba externalizado cunha persoa autónoma allea ao Concello. Se fixo dentro da legalidade. Non hai intereses ocultos.

O concelleiro Varela Couñago di que non lle vale dicir que isto había antes. Non entende como se lle da a unha empresa 1900 euros por facer isto nin por qué as ofertas referíanse a periodos de tempo diferentes. Queixase porque non lles deron información.

O concelleiro di que siguen co servizo porque consideran que é necesario. Indica que o importe é o mesmo que había e di que escolleron a mellor proposta. O proceso foi rápido porque no mes de maio había moitas actividades.

